

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

**Xeoloxía e Ciencias Ambientais (XCA)**

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º  2º

Tipoloxía:

Común  Obrigatoria de modalidade  De opción de modalidade  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si  Non

Materia previa necesaria de 1º:

Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (BXCA)

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios  Non

Outras características:

- No IES “Praia Barraña” a materia ofertase dentro do bloque de materias optativas.
- Deberá contar cun **mínimo de 5 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Que contidos se traballan na materia? Cal é a súa finalidade?

- A principal finalidade da materia é a de ampliar e afondar os coñecementos do alumnado sobre a estrutura e composición das distintas capas do planeta Terra, conciencialo sobre a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que alberga, así como proporcionarlle algunhas das destrezas e ferramentas fundamentais do traballo xeolóxico e ambiental.
- Os contidos da materia están distribuídos en 7 bloques. No bloque 1, Experimentación en Xeoloxía e Ciencias Ambientais, ademais de estudar a evolución histórica do coñecemento xeolóxico, trabállase a interpretación de mapas e cortes xeolóxicos así como doutras fontes de información xeolóxica e ambiental e procúrase a concienciación sobre a importancia do patrimonio xeolóxico de España e Galicia e a súa conservación.
- O bloque 2 está dedicado ao estudo da estrutura interna da Terra, a teoría da Tectónica de placas e os riscos xeolóxicos asociados.
- No bloque 3 estúdanse os procesos xeolóxicos externos e a formación do solo.
- No bloque 4 abórdase o estudo dos minerais e no bloque 5 o das rochas.
- No bloque 6 estúdanse a hidrosfera e a atmosfera e os impactos ambientais asociados á súa contaminación.
- Por último no bloque 7 estúdanse os recursos xeolóxicos, facendo especial fincapé nos de Galicia, así como os recursos hidrolóxicos e os proporcionados pola biosfera e a súa xestión sustentable. Tamén se aborda a necesidade de adoptar estilos de vida sustentables e a prevención e xestión dos residuos.

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo do Bacharelato* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

